



# REFUXIO “PENA DO CALDEIRO”

## REGULAMENTO

### CAPITULO I

#### Obxecto, ámbito e definición.

##### 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente Regulamento regula o réxime de funcionamento e utilización do refuxio “Pena do Caldeiro” situado en Manzaneda e as pautas de respecto ao medio no que se ubica.

##### 2.- Refuxio

O refuxio é un equipamento deportivo destinado a facilitar a práctica dos deportes de montaña e actividades na natureza.

### CAPITULO II

#### Réxime de utilización.

##### 3.- Dereito de uso

- a) Só os socios do Club Alpino Ourenseño coas cotas establecidas pola Asemblea Xeral ao día poderá facer uso do refuxio.
- b) Tamén os non socios poderán facer uso do refuxio acompañados dun socio que será o responsable do grupo.
- c) A Xunta Directiva poderá ceder, previo estudo da petición, o uso do refuxio a outra entidade deportiva e/ou relacionada coa natureza.

En todo caso, a utilización do refuxio estará limitada ao número máximo de usuarios que permita un uso racional e unhas condicións adecuadas de estancia, atendendo á superficie das instalacións e os medios con que conta.

##### 4.- Responsable

A solicitude de uso do refuxio será realizada por un socio por cada grupo, que será o responsable da utilización do refuxio conforme ó presente regulamento.

Existirá un responsable por cada solicitude e grupo.

##### 5.- Solicitude

A utilización do refuxio estará suxeita á correspondente solicitude dirixida á Xunta



Directiva, nos termos establecidos pola Xunta Directiva e no presente regulamento.

A solicitude de uso do refuxio deberá conter, como mínimo:

- a) Identificación do responsable do grupo.
- b) Teléfono e correo-e do responsable
- c) Número de usuarios
- d) Datas nas que se utilizará o refuxio

## 6.- Cotas

- A utilización do refuxio polos socios do Club Alpino Ourenseño será de carácter gratuíto.
- Os non socios, que fagan uso do refuxio acompañados dun socio, aboarán a cota de uso establecida pola Xunta Directiva previamente á utilización.
- A Xunta Directiva poderá establecer unha cota polo uso da leña no refuxio.

## 7.- Chave

O responsable do grupo recollerá e entregará a chave do refuxio en horario de oficina do Club Alpino Ourenseño. Este poderá designar a outra persoa para facerse cargo da chave.

O prazo de devolución da chave será o que a Xunta Directiva estableza, e que será informado no momento de retirada desta polo responsable do grupo.

- a) No caso de que non se entregue a chave en prazo, previa comunicación co responsable, acordarase un novo prazo. Este será inmediato.
- b) No caso de non entrega da chave, perderase o dereito ao uso do refuxio durante 6 meses.
- c) Queda excluído do anterior os casos de forza maior comunicados a Xunta Directiva.

## CAPITULO IV

### Normas xerais de utilización e conducta.

## 8.- Obrigacións Xerais

Ao facer uso do refuxio, os usuarios adquiren a obriga de utilizar a instalación coa dilixencia necesaria, tratando esta co adecuado respecto, cumprindo entre outras as seguintes obrigas:

- a) Utilizar correctamente á instalación, móbeis e enseres, evitando danos nos mesmos.



- b) Cumprir ás normas de hixiene adecuadas no uso da instalación.
- c) O entorno do refuxio deberá de quedar limpo e libre de residuos orgánicos.
- d) Facer un uso responsable da leña que puidera haber dispoñible para o uso.
- e) Poñer en coñecemento da Xunta Directiva cantas alteracións, desperfectos e/ou incumprimentos do presente regulamento observen durante a súa estancia.

### 9.- Obrigas ao comezar a estancia

Ao chegar o refuxio, o responsable revisará o estado do mesmo anotando as deficiencias observadas no documento facilitado ao obxecto no momento da entrega de chaves.

### 10.- Obrigas ao finalizar a estancia

Ao finalizar a estancia no refuxio, os usuarios deixarán o refuxio e o seu contorno nas condicións adecuadas, prestando especial atención a:

- a) Revisar a limpeza da instalación.
- b) Recoller o lixo xerado trasladándoo a un punto de recollida habilitado.
- c) Pechar as ventás e as contras metálicas
- d) Apagar todas as luces.
- e) Pechar o gas.
- f) Pechar a chave de paso de auga interior.
- g) Abrir a chave de paso da fonte.
- h) Comunicar á Xunta Directiva calquera incidencia reseñable observada durante a estancia.

### 11.- Prohibicións

Os usuarios do refuxio quedan suxeitos ó seguinte réxime de prohibicións por motivos de seguridade e conservación:

- a) Fumar no interior do refuxio.
- b) Prender fornelos, lume ou aparatos de cociñar fora dos lugares habilitados para elo, quedando expresamente prohibido realizar lume no exterior do refuxio.
- c) Deixar a cheminea ou ás estufas prendidas no momento de abandonar o refuxio.
- d) Desprazar móbeis ou equipamento fora do seu lugar.
- e) Realizar calquera tipo de modificación.
- f) Acceder con botas ao interior do refuxio, estas deberán ser depositadas no lugar habilitado á entrada do refuxio.



- g) Introducir animais dentro do refuxio, agás na zona da entrada (zona dos baños).
- h) Durmir fora da habitación salvo causa xustificada.
- i) Deixar no refuxio calquera tipo de alimento e aparellos, enseres, etc.

## **12.- Responsabilidades**

Será responsable do incumprimento do presente regulamento o responsable do grupo.

## **13.- Denegación de solicitude por incumprimento de obrigas ou trato indebido de instalacións.**

Cando se realice unha solicitude dun usuario do refuxio que houbera incumprido previamente o réxime de obrigas ou prohibicións previstos no presente regulamento ou houbera ocasionado algún tipo de dano na instalación, será denegada a solicitude de uso do refuxio. Este usuario tampouco poderá facer uso do refuxio como componse doutro grupo durante o tempo determinado pola Xunta Directiva.

## **13.- Reclamacións e suxestións**

Os usuarios realizarán as queixas e suxestións que estimen oportuna no momento de entrega da chave. Estas serán formuladas no documento de control entregado pola Xunta Directiva ao fin de seren tidas en conta para a mellora do seu funcionamento.

## **14.- Obriga de reparación de danos.**

Con independencia das sancións que poidan establecerse, no caso de que os usuarios sexan responsables de causar danos no refuxio, enseres... esixiráselles a reparación das mesmas ou abonas o importe das reparacións.

## **CAPITULO VII**

### **Réxime de infraccións e sancións.**

## **15.- Sancións aplicables**

No caso de incumprimento do presente regulamento, a Xunta Directiva poderá sancionar ao socio responsable do grupo e/ou ao usuario autor da infracción coa prohibición de uso das instalacións polo tempo que se determine, que en ningún caso poderá ser inferior a tres meses nin superior a tres anos.